

## INFORMACIÓN SOBRE AS PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO. CONVOCATORIA 2022

A inscrición farase de modo telemático: hai que cubrir a solicitude a través da "Ligazón a aplicación informática" dispoñible na páxina [www.edu.xunta.gal/fp/probas](http://www.edu.xunta.gal/fp/probas). Xera unha *instancia para imprimir que se deberán presentar na secretaría de calquera centro que imparta FP*, xunto coa documentación que se indique na instancia. **Moi importante: si non se entrega, non estará feita a matrícula.**

Para crear a solicitude pode empregarse:

Chave 365, conta edu.xunta.gal, DNI electrónico ou certificado dixital. Si non dispón de ningún destes sistemas, hai que pinchar Outros accesos: e pódese indicar o DNI e un enderezo de correo.

**Dende o día 3 ao 16 de marzo de 2022 (ambos incluídos).**

\* Requisitos para presentarse as probas: ter cumpridos 17 anos antes do 31 de decembro do 2022.

**Estrutura das probas:** Teñen 3 partes.

➤ Sociolingüística:

Faranse 3 exames: **lingua castelá, lingua galega e ciencias sociais.**

➤ Matemática:

Farase un exame de **matemáticas.**

➤ Científico-técnica:

Farase un exame de **ciencias naturais** e outro de **tecnoloxía.**

\* Ditas probas poderán adaptarse ao alumnado con minusvalía, pero deben indicar esta circunstancia no momento de inscribirse.

Son moi importantes as **EXENCIONS PARCIAIS** as probas:

- As persoas que cursaron un FPB e superaron os módulos de Comunicación e Sociedade I e II, as persoas que superen o ámbito social e de comunicación do 2º curso do PCPI ( que é voluntario) ou do nivel II da ESA estarán exentos da parte sociolingüística.
- As persoas que cursaron un FPB e superaron os módulos profesionais de Ciencias Aplicadas I e II, as persoas que superen o ámbito científico-tecnolóxico dun PCPI ou do nivel II da ESA ( Ed. Secundaria de Adultos) estarán exentos das partes matemáticas e científico-técnica.
- As persoas que superen os módulos profesionais relacionados co perfil dun Título de FPB, as persoas que superen os **módulos específicos profesionais dun PCPI** (con ou sen a FCT), ou teñan unha **Certificación de Profesionalidade** de calquera nivel. Estarán exentos da parte científico-técnica.
- **Acreditar como mínimo un ano de experiencia laboral en xornada completa en calquera campo profesional, estarán exentos da parte científico-técnica.**

**Nota da probas:**

A nota final das probas será a media obtida en cada parte, sempre que sexa = ou > de 4 puntos.

Si un alumno/a supera unha parte, poderá gardárselle esa nota durante un máximo de 2 anos pero debe indicalo no momento de inscribirse.

## HORARIO DAS PROBAS:

Terán lugar o **día 25 de maio (mércores)** no CIFP Coroso. No seguinte horario:

- As 9:00 horas: presentación.
- Das 9.30- 13:30 horas: parte matemática e sociolingüística
- Das 16:00- 18:00 horas: parte científico-técnica

O día da proba, cada aspirante deberá *levar o DNI e a fotocopia da folla de inscrición que lle darán no centro no que se anotou.*

*O día **6 de xuño** publicaranse na páxina da Xunta as **calificacións provisionais** das probas.*

\*\* Se queredes máis información contactade co **Dpto. de Orientación** ( vía telefónica ou por mail) ou mirade na páxina web [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp) ( pinchando en probas e logo en grao medio).

DPTO. ORIENTACIÓN CIFP COROSO